



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura  
e Industrias Agroalimentarias

Edificio Administrativo San Caelano  
15781 Santiago de Compostela  
Tfn.: 981 544 777 Fax: 981 957 302  
<http://mediorural.xunta.es>

galicia

DXGAIA/SXG/SSA/bff

**ASUNTO:** INFORME SOBRE ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE EXPLOTACIÓN, PLAN DE RESTAURACIÓN E ESTUDO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCESIÓN DE EXPLOTACIÓN "San Rafael".

**LOCALIZACIÓN:** Provincia de A Coruña

**CLAVE:** San Rafael nº 2946

**SOLICITANTE:** Xefatura Territorial de Economía e Industria de A Coruña - Consellería de Economía, Emprego e Industria

#### FEITOS

No Servizo de Sanidade Animal recibiuse o escrito da Xefatura Territorial de Economía e Industria de A Coruña, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con rexistro de saída 96512/RX 1152331 do 09/08/2017, dirixido á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

#### INFORME

A documentación presentada refírese ao proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental dunha canteira, sobre o cal nos solicitan informe no ámbito das nosas competencias, de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.

Feitas as consultas oportunas ao Servizo Provincial de Gandaría de A Coruña, e tendo en conta exclusivamente o ámbito competencial do Servizo de Sanidade Animal, cómpre indicar que a localización indicada no proxecto trátase dunha zona especialmente gandeira, onde a realización de actividades mineiras pode repercutir negativamente na gandería.

Con carácter xeral as explotacións gandeiras que se atopan próximas a este tipo de actividades poden ver afectada tanto o suministro como a calidade da auga da que se abastecen, ao producirse a destrución dos acuíferos que alimentan os pozos de suministro e a contaminación química derivada da disolución e arrastre dos diferentes compostos químicos na auga de chuvia. Así mesmo, a expropiación de terreos das granxas orixinan perdas de superficie gandeira para a produción de forraxes aumentando os gastos de produción e comprometendo a viabilidade das granxas. Tamén a contaminación do aire polo arrastre de pos procedentes da trituración e transporte de minérios.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA  
PARA PODER FAZER CONSTAR QUE ESTA COPIA É UNA REPROXIMACIÓN DE LA ORIGINAL.



O Xefe da Sección de Minas  
Fco. Germán Tuñas Rodríguez



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura  
e Industrias Agroalimentarias

Edificio Administrativo San Caelano  
15781 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 544 777 Fax: 981 957 302  
<http://mediorural.xunta.es>

galicia

No caso concreto presentado no proxecto, refírese á reapertura dunha mina de cobre que, ademais dos límites e impactos que xeran todas estas actividades, pode afectar gravemente á gandaría da zona se chegan a contaminarse acúferos e terreos derivados desta actividade ao poder ocasionar unha intoxicación por cobre na gandaría.

Santiago de Compostela, 13 de setembro do 2017

O xefe dea área de Sanidade Animal

Carlos Cid González

XUNTA DE GALICIA  
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA  
DILIGENCIA: Para facer constar que é o  
reflexo do original.



O Xefe da Sección de Minas

Fco. Germán Tuñas Rodríguez